

La Vos de Talisia

EDICIÓN DE RIBEIRA
0,00 LEUROS

DEPÓSITO MUNICIPAL
R-2812-2015

Hoxe
corre Carmela que chove



NÚMERO... onde vai que perdim a conta 58970
ANO... así lle chamam finalmente ao cú

LUNS 28
DE DESEMBRO DO 2015

Fondevila convírtese nun novo estado independente

A declaración de independencia permitirá aos veciños disfrutar exclusivamente do manantial acuífero de Fondevila

O Concello de Ribeira lamentase da situación perotampouco fan nada para impedila

pax. 2

Denuncia no Hospital da Barbanza

pax. 3



Volkswagen patenta dispositivo de gases con efecto invernadero

Lojo do sambenito montado co tema dos motores da marca alemana, e de darlle finiquito a todos os directivos, a marca alemana fixo acto de contricción en confesión con Don Sesareo, e propúxese ser unha das principais impulsoras da loita contra o efecto invernadero.

Os seus inxenieros desenvolveron dispositivos para reducir a emisión de monóxido de carbono, dióxido de azufre, e peróxido de lintonic, nos novos mo-

tores que van a fabricar, jrasias a un pequeno acople no tubo de escape que vai licuar todo ese veneno e que lojo se pode reciclar en calquer depuradora coma a que están a montar en Couso.

Pero nas probas do tunel de vento, déronse conta que miniaturizando debidamente o dispositivo pode axudar a reducir tamén a emisión de jases de metano por parte dos mami-feros, outro jran factor de con-

taminación tendo en conta que xa somos casi 6000 millóns de homo sapiens a larjar metano pola popa, e naljúns sitios nos que os jrelos, a fabada, e os callos, provocan reasións violentas no intestino a cousa aínda se complica máis.



Unha usuaria do Gimnasio Natural Sport, acostrumbada ao lacón con jrelos proba o innovador dispositivo

Dende a provinsia de Almeria as asosiasións de ajricultores amosaron o seu descontento con este avance tecnolóxico xa que a eles o do efecto invernadero venlle ben, porque aforran moito en plástico e invernaderos artificiais.

Breves

Sinco de cada des nenos ribeirenses, son a metade, afirma o mestre de matemáticas do Jalaxia.

Jrasias aos jrupos de Feisbuk, Cambiemos Ribeira e Riveira Cambiémosla, aumenta en Ribeira o número de expertos en rotondas, festas e política.

Un adolescente ribeirense fillo dun importante armador, compra a farmacia Sanmamed porque lle da verjónsa ir a mercar condóns.

Viamare adianta a súas rebaixas de primavera, e revirte o cambio climático a nivel mundial.

Bob Esponja merca unha parcela do muelle do Jas para edificar un apartamento, donde planea pasar as vacacións.

A juesa dos Xusjados de Ribeira sita a declarar a Quico Cadabal a tódolos xuisios para amenisar o ambiente.

Un ribeirense en paro sobrevive 133 anos porque non pode pagar a luz do final do túnel.

Descubren un taller ilejal con 200 nenos que fabricaban as roscas da Maricola.

Renega da súa muller ao enterarse que é da Puebla.

O xefe da carpintería Suárez cai nunha profunda depresión ó non ser capaz de montar un mueble de IKEA.

As escavacións no Castro da Sidade descubren os restos de Jeniffer 8, a protajonista dunha mítica cansión dos Prestados.

Unha discusión sobre a teoría do coñesemento de Kant, inisia unha pelea entre malotes en Ribeira.

Jujel empesa a sinalisar na súa aplicación Maps, as caxadas de can das rúas de Ribeira.

O tanatorio de Xarás permanecerá cerrado o día de hoxe por defunción.

Fondevila convértese nun novo estado independente



Mentres o goberno municipal encabezado polo popular Manolo Ruís, amenasaba onte con disolver o xrupe de goberno si vesiños de Fondevila non retiraban a súa proposta para facer o barrio independente, a maioría que otorjan os concelleiros da oposición, BNG, PSOE, IPDR e CIUDADANOS, firmaba o acordo plenario que fasía firme a escisión do barrio de Fondevila do Concello de Ribeira. O documento foi tamén respaldado polas asociacións, R. e I. Cofradía da Dorna, Amas de Casa de Ribeira e Lajareu por Barlovento,

A declaración de independencia e a súa aprobación, permitirá aos veciños de Fondevila

disfrutar exclusivamente do manantial acuífero de Fondevila. Os vesiños levaban anos queixándose do espolio sufrido na súa fonte, no que xa notaban a escaseza da presiada ajua

As fronteiras físicas de paso levantáronse durante esta madrugada na Rúa da Barreira, no camiño de Cruxeiras co seu linde con Deán e na parte de abaixo da costa do Cochón. Na Habana instalárase o posto fronteirizo aduanero, e a muga con San Roque quedará pechada cun muro de pedra de dous metros de alto. Os vesiños necesitarán un visado para poder entrar e saír neste novo territorio independente. Jorge Miniño

Rivas asumirá a Presidencia da República Independiente, “Levamos anos solicitando a independencia, a historia respalda esta petición, alá polo 1386, Fondevila era un imperio, millóns de persoas viñan a buscar na Fonte de Fondevila o segredo da inmortalidade”, explica o novo dirixente independente.

José Manuel Pazó, asumirá o control dos asuntos exteriores de Fondevila, que xa comezou traballando para constituír unha fiscalidade atractiva para que as empresas exteriores invistan na nova República Independiente. “Queremos converternos nun paraíso Fiscal que atraia os cartos das vilas

veciñas, non prexuntaremos de onde veñen os cartos...” afirmaba a este medio o mandatario Fondevilatario.

O Concello de Ribeira lamentase da situación, o concelleiro Anxo Orellán afirma que “a independencia de Fondevila traerá paro e precariedade” e critica a unión dos partidos da oposición, que aproveitaron o despiste que hai montado no concello ca colloada da B e da V na nova lonxa de Ribeira.

O goberno de Fondevila reafirma o 24 de Xullo Festivo Local, afirmando que os cidadáns non teñen por qué verse privados do mellorío que hai no concello de Ribeira.

Denuncian ao xinecólogo do Hospital do Barbansa por poñer a parir ás súas pacientes



O Doutor Deiros, o xinecólogo, foi despedido do Hospital do Barbansa, despois de que se admitira a trámite a denuncia interposta por unha das súas pacientes, que o acusa de poñela a parir.

“Púxome a parir o lancrán”, confirma a afectada, asejurando ademais que o médico

“non fai máis que pedirche que te abras de pernas”. “E despois de 9 meses non se lle ocorre outra que poñerme a parir” a afectada síntese indignada co que foi unha tortura, “lembrábame del en cada contracción”. A relación entre o facultativo e a paciente fixo ajuas ás sete da tarde do pasa-

do luns, aínda que a tensión dilatouse durante máis de catro horas.

O médico nega que puxera a parir ás súas pacientes intencionadamente e non entende que por cada vez que dan a lus, lle berren como si fora él o culpable de que o hospital esté a oscuras.

Dos barbanzanos serán asesores de Florentino Pérez

Tras el asunto Cheryshev y las las incontables lesiones musculares de los jugadores del Real Madrid ,Florentino Pérez ha decido reestructurar su equipo de asesores, para lo cual ha decido contratar a José Vicente

Fiel y a Mario Monteagudo .

Aunque las condiciones de ambos contratos permanecen en secreto ,ha trascendido que el cometido de Mario Monteagudo será asesorar al presidente en prevención de lesiones

evitando hacer comentarios ajenos a su especialidad(temas bursátiles por ejemplo)quedándole totalmente prohibido el uso de cualquier tipo de dispositivo electrónico durante el horario laboral

Mediaset retransmitirá as campanadas de fin de ano na Porta do Sol de Ribeira

A plaza resién nomeada no consello co nome de Porta do Sol, a de abaixo do atrio da Igrexa, será este fin de ano o lugar elixido para retransmisión das campanadas, Telesinco e Cuatro farán o tan esperado directo donde as campanadas da Igrexa farán soar os respectivos cuartos e as dose campanadas, a retransmisión estivo a piques

de trasladarse a la Puebla, xa que don Sesareo estaba emperado en dar onse campanadas en ves das dose de protocolo, por aquilo de aforrar, o final prometéronlle outra parseliña para obrar e sede a petición da cadena.

Na nova plaza, non renovada, xa que o mobiliario é o de sempre, repartiranse persebes en

ves de uvas, e brindarase con licor café en ves de champán.

Os presentadores elixidos para o evento serán Cristina Pedroche, que lusirá brajatanga cun vestido de aparello verde mar, cosido pola costureira Teresa a de Bretal e estará acompañada polo ilustre ribeirense Quico Cadaval, que lusirá capa e truel, a o estilo Neptuno.

Os dous escaños de IPdR son clave para definir o goberno de España

A jerra de pactos que durante os últimos días están protaxonizando os grupos políticos para alcanzar un acordo que determine quen será o novo presidente do goberno pode que cheje o seu fin, unha vez Rosa García Pose chejara a un acordo con Mariano Rajoy e Pablo Iglesias, na última semana os mandatarios do PP e de Podemos reuníronse ca edil ribeirense para solisitar o seu apoio. Rosa non entraba polo aro cas pretensións dos políticos, entre as que estaban darlle a carteira do Ministerio do Interior ou a de Economía e Fazienda. Rosa non se deixou encandilar polas maniobras do de pontevedra e do coletas, e inclueu nas súas pretensións soamente duas cuestións, modificar a constitución añadiendo que o 24 de xullo sexa Festivo Nacional e que se declare dunha ves que Riveira escribese con V. Na primeira das propostas sederon sen problema unha vez lles explicaron o que era a Festa da Dorna, pero o problema foi ca colloada da B e da V, no que chejaron ao acordo por fin de escribilla con # (almoadilla), así finalmente queda arrejado o asunto ca nomenclatura RI#EIRA.



CONCELLO DE RI#EIRA

A plantilla da jasolinera Shell queda eliminada das ceas de empresa por alineación indebida

Fixeron un “Cherichév”, así se pode denominar a troulada cometida polos empregados da estación de servizo Shell Ribeira, despois de que o pasado sábado na Churrasquería A Cabaña, sentaran na mesa ó Meji. A sea empesou sen ningún contrato, tortilla paquí, tortilla palá, as servexas corrían á banda sen problema e co viño non se produxía ningún fora de xogo ata que, ó comensar co churrasco, unha despedida de solterías do lado comensou a tararear: “Meji non pode sear, non pode sear, non pode sear”. O tarareo mosqueou ao Xefe da estación e para quedar ben e pensando

que poderían ter cometido algún erro, mandou ó Meji para a casa. Donde manda patrón, non manda mariñeiro. Foi despois entre chupito e chupito, cando se enteraron da razón da alineación indebida: Meji, seando fasía un mes cuns colegas, quixo lijarse a unha xove mosa que, ao final da xogada lle fixo unha culebra de libro, polo que Meji abandonou a sea compunxido deixando aos compañeiros tirados antes de que chejara ao postre, o que lle acarreou unha sansión por parte dos colegas por floxo e vendido. “Condicionounos a noite por unha rapasa”, afirmou un dos seus amijos a este diario.

A sapataría Horacio patenta unhas sapatillas con punto de mira



Xa fasía anos que as nais de Ribeira viñan pedindo un sistema máis eficaz para o lansamento de sapatilla para cando un dos seus fillos se portan mal, as nais de Ribeira están no top ten de puntería nesta especialidade, pero últimamente os rapaces foron capases mediante cursos onlain de esquivar jran parte dos lansamentos das súas nais. Agora, con este novo sistema patentado por Horacio, as nais poderán apuntar mellor e aproveitar os dous tiros que teñen para asertar

no cú ou nas cabezas dos rapaces. “Estamos investigando e innovando os sistemas de puntería nas sapatillas” comenta Horacio, “Un sistema terra aire sería o ideal para cando os rapases tardan en chejar para comer” comenta Isolina, unha das clientas ca mellor colesión de sapatillas da sona. O laboratorio de investigación tamén busca dotar este armamento con un sistema de sensores de calor que fajan o sistema perfecto.

Un funicular unirá o barrio de Fafián en Ribeira ca nova Casa da Cultura de Oleiros

Non hai dúas sen tres, unha nova obra faraónica levarase a cabo en Ribeira, comenzouse cun novo mercado de usos múltiples que cumprindo os obxectivos polo que foi levantado acollerá o vindeiro día 1 a misa do Jallo, continuando nos seguintes días coma sala de recepción de Melchor, Jaspas e Bal-

tasar na cabalgata de reis, anteriormente nas súas instalacións xa se levaron a cabo a grabación do proxrama “Entre Tarteiras” o Top Chef da televisión de Jalisia, xornadas culinarias ou xornadas educativas. Tamén a nova Lonxa, coma segundo jran elemento do proxecto Illas Atlánticas, que será inajurado nos

O famoso proxrama, “O xefe infiltrado” introdúcese na tappería A Recoveira

Daniel, preocupado polo traballo que realizan os seus traballadores no local, sospeitando que son uns palanquíns e andan todo o día de palique ca peña, non dudou en chamar ao proxrama O Xefe Infiltrado para poder así, con outra identidade, observar máis de serca aos seus empregados. Co nome de Rodolfo, afeitadiño, cunha peluca rubia, unhas jafas de cu de vaso e unhas pintas de camareiro do Plasa, infiltrouse na Recoveira simulando as cámaras coma se fora o proxrama “Busca o teu extra para a Festa da Dorna”. Así, finxindo que era un currelas que estaba buscando un chollo de camareiro na Festa da Dorna, pudo encandilar aos seus “novos” compañeiros.

Daniel atopouse de todo na súa experiencia coma Rodolfo, encontrou en Verónica unha traballadora exemplar, correcta e amable, aínda que o puxera a andar, espabilandoo para servir correctamente unha caña. Con Joselito as cousas foron diferentes, tomábase o traballo con máis pachorra pero, ao final, a súa efisiencia, trato e simpatía cos clientes, encandilou a Daniel, que non dubidou en regalalles a ámbolos dous uns adornos dorneiros solidarios máis uns calsetíns dos do mercadillo do sábado.

Sarasquete incluírá un “mais ou menos” nos horarios das súas liñas de autobuses

Sejún anunciou hoxe o concelleiro de transporte do Concello de Ribeira, o Sarasquete Aguiño- Ribeira chejará “á tardiña” e o horario de saída desa mesma liña será “á hora da tapa”. O Concelleiro quixo aclarar que “un Sarasquete non cheja nunca tarde ou cedo, cheja exactamente á hora que para a parada”.

Sendo isto así, as horas de chegada dos autobuses en Ribeira incluírán sempre un “máis ou menos” ou incluso un “hora arriba, hora abaixo” nos paneis de información.

A desición tomouse tralas numerosas queixas dos usuarios, nos que os billetes especificaban horas de chegada e saída que nunca se cumprían con exactitude.

“Eu sempre fun moi de Albert Einstein” asegura o responsable de Sarasquete en Ribeira, referíndose a que o tempo é relativo, e máis neste sector. Cos antigos horarios a xente poñíase nerviosa xa que ao poñer unha hora sen máis, “maldecían aos choferes” cando non se cumpría. Agora os usuarios xa poden disfrutar nas esperas con un bo bocadillo de rexóns ou unha partida de tute”, afirmou o xefe de choferes do Sarasquete.

Desta maneira, a cidade pode presumir do título que a distingue coma Cidade da Ciencia e a Innovación, conseguindo que non se produza ningún retraso máis nos horarios do servizo público de autobuses de Ribeira.

próximos meses si dios quer. Este edificio albergará o novo museo das muñecas de Magdalena que ampliou a colección cas bonecas de famosa que foron desalojadas do portal por ocupas gracias a nova ley de seguridade cidadana.

E agora co Funicular donde se pecha o círculo

de obras extraordinarias que se levan facendo na vila nos últimos anos. Segundo a política de usos das distintas instalacións, o funicular poderá ser usado coma pista de baile, senda de monopatíns, ou pa albergar a próxima procesión dos caladiños da semana santa.

Enrique Ijlesias jrraba o seu novo videoclí en Ribeira



Conflito na Plasa da Ijlesia

Don Cesareo Canabal Castro é un recoñecido admirador da obra de Antoni Gaudí. Está previsto que en 2026 rematen as obras do Templo Expiatorio da Sajrada Familia de Barcelona, coincidindo co sentenario do pasamento do xenio catalán. Froito de esa admiración, don Cesareo quere facer a súa particular homenaxe co remate en 2026 dun moderno conxunto arquitectónico no entorno da Ijrexa parroquial de Santa Uxía, para o cal fai 20 anos encargou o proxecto ao estudio de Santiago Calatrava, deixando as finanzas en mans do Deán da catedral don José María Díaz.

O proxecto comensou a tomar forma, coas Torres Xemelgas que comunicaban coa sacristía ao traveso dun funcional pasadizo, logo viría o elegante remate da casa dos Besada, obra de Manuel Sieira. A obra cumbre sería una torre de 39 metros de altura, que se levantaría na casa dos Valeiras, sería vista desde toda a ría, tería una cafetería-miradoiro na parte superior, tería tamén vivendas V.I.P., locais comerciais e comunicaría directamente coa igrexa a través dunha pasarela. Habería una cuberta retráctil que podería tapar toda a plaza en caso de que as circunstancias climatolóxicas foran adversas, e daríalle un cambio á fachada marítima de Riveira.

Cando todo parecía que iba vento en popa, acordo coa familia Valeiras, co constructor Sieira preparado para o inicio das obras, cos temas financeiros e patrosinadores arranxados, xurde a oposición de Joaquín Valeiras, estudioso da historia local, quen se resiste a demolición da casa familiar e aleja que se subestima o valor da Igrexa de Santa Uxía, inaujurada en 1864, obra de Faustino Domínguez, considerado o mellor arquitecto galego do século XIX. As protestas de Joaquín súmou-se Severino Montero, alejando que hai que defender a casa solarieja dos Otero tamén do século XIX.

Joaquín o das loterías é o fillo secreto de Justino o do anuncio

O rexente da Administración Número 1 de Ribeira, Joaquín, é o fillo secreto de Justino. A información despréndese lojo que Albino solisitara a Loterías e Apostas do Estado que Justino fora o protaxonista do anuncio da lotería de nadal do ano 2015, Justino non tiña coñecemento de que tiña un fillo en Ribeira, e é agora cando lembra que fai xa 4 décadas veu faser un extra na discoteca Totem, e tivo un lance cunha xoven ribeirense da que non volveu a saber nada dende aquela. O proxrama de telesinco "Sálvame", fíxose eco desta nova e trasladou a Ribeira unha unidade para cubrir a noticia,

Justino síntese sobrepasado, quer estar a solas cos seus maniquís ata que asimile a súa nova paternidade. Joaquín confirmou que sabía da existencia de Justino dende xa fasía vinte anos, pero non se atreveu nunca a dar o paso para poñerse en contacto co seu pai, "Fixen as xestións co anuncio da lotaría porque sabía que meu pai non salía de xunta os maniquís e quería darlle unha volta a súa vida" afirma Joaquín na entrevista realizada no proxrama de Sálvame. Vesíños do barrio síntense abraizados ca nova, xa que sabían que Joaquín era moi animado, pero non tanto coma o Justino.

A saia Ijlesias sije dando que falar no consello de Ribeira, se o ano pasado fora a súa irmá, Raquel, a jalar doada cun premio Pulincher, este ano Enrique, namorado da terra jalleja, jrravou varias secuencias nos sitios máis característicos da vila. A fonte do rueiro foi un dos lujares elixidos polo seu equipo, alí discorren as imaxes máis quentes e sensuais do episodio, onde un jrupo de xoves refrejan perreta no monumento, utilizando a Fiandeira do Rueiro para enredarse entre os fios. Outro luar elixido foi o Ateneo, a sala converteuse improvisadamente

nunha sala de discoteca onde varias jojós, xunto con Juan e Tucho, dan renda solta ao seu movemento de cadeira. No remate desta sesión Juan tivo que ser atendido por urxencias médicas, xa que non levara ben enjrasado o esquelete.

A historia que se conta no vídeo, ca cansión "Refresh Perreta in the novena", é a dun furtivo que entre seca e seca se namora dos callos da Carreirana, e é entre pote e pote onde se luse o artista, con frases coma, "me unto el sinsel ca salsa dos callos" ou "removes a tixola coma o meu corasón"


O 7 pulgadas cambiará de nome

Lojo da ampliación de capital e de superfisie á que resientemente se veu sometido este icónico bar da noite ribeirense, o seu novo propietario desideu cambiarlle o nome e chamarlle "7 pulgadas, e pico"; xa que as obras de reforma consistentes no alse de toda a vida que lle dou cara ao frente fan que o establecemento hosteleiro duplique a súa superfisie de nejosio.

Dende a dirección asejuran que con esa ampliación crearán 2 ou 3 novos postos de traballo, xa que semejante terraza requiere de moito personal para atendela.

Tamén comunicaron que esperan abrir unha nova liña de nejosio con banquetes para vodas e selebracións de todo tipo, faséndolle sombra ao Bauica do Manilo e meténdolle o dente a un suculento nejosio; saben que aí parten con ventaxa xa que eles están no medio do pueblo e a competencia na periferia, e aínda que non hai que coller o coche para desplasarse ata o "7 pulgadas, e pico" a direción da empresa asejura que ca nova ampliación teñen incluso sitio para estacionar cómodamente os vehículos, e esperan atraer clientes das cidades colindantes.

O candidato de Ciudadanos de Riveira, substituído por Ken (o moso de Barbie)



Asier Casais, declarou a este medio que está desilusionado ca dirección actual da súa formación política, xa que pensou que nos carteis destas pasadas eleccións tamén fíxerá el como o fixo cando foron as do ayuntamiento. Non lle importaba que fora o seu jefe de filas a nivel estatal, pero consideraba que no cartel aínda había espasio para unha foto súa, e así axudarlle a Albert Rivera a ganar algún escaño máis.

Asier que xa se pasara pola de Ventoso o peluquero a faserse un corte de pelo de estilo clásico, sen estridencias, nin licencias que permitiran apreciar un ápice de progresismo no seu look; recibiu a notisia de que non contaban con el para a foto de campaña cando xa tiña anudada a corbata e mercado o

traxe novo. Indignado polo feito, chejou incluso a exclamar: “seguro que en el PP me valoran máis, este traje es del sastre de Camps”.

Dende a dirección local da formación laranxa andan a buscar substituto, e o que máis papeletas ten para saír elixido é Ken o moso da Barbie, xa que tradicionalmente representou o mellor da sociedade, e representa os valores que o partido quere transmitir a nivel local: queda ben na foto.

Aínda que nun primeiro momento contactaron co Geyperman, esa barba faino parecer demasiado hipster, e varonil, e xa se sabe que os naranxas apostan polo metrosexual modelo “xenro perfecto”, e según Chouza: “el Geyperman, tiene una sonrisa poco natural”.

Sete nenos ribeirenses quedan sen rejalos de Papa Noel por portarse mal

Unha vez rematado o reparto dos rejalos de Nadal por parte de Papá Noel, os seus elfos fixeron públicas as listas dos nenos que quedaron sen rejalos por portarse mal.

Os nomes dos rapases non se fixeron públicos, nin as razóns que os levaron a portarse coma o demo provocando caerse da lista de rejalos que reparte “Santa”. Fontes externas a este diario informan que estes sete nenos son máis do Apalpador, polo que tanto lles ten a desición tomada polo jordecho da barba branca.

O tunel Ribeira-Boiro avansa espectacularmente jrasias á eficacia dun novo empleado

A jran infraestrutura comarcal que supón o tunel que unirá Ribeira e Boiro por debaixo de La Puebla que permitirá aos habitantes da capital da comarca poder desplasarse a Santiago sin nesecidá de pasar por La Puebla e acabar con conjuntivitis por ver a todos paseando co chaqué e ca mantilla polo xardín cando paran no semáforo, rexistra importantes avances e pénsase que nuns días xa pode quedar inajurada.

Aínda que a obra conta con entrejarse a finais do 2020, a empresa adjudicataria ACS, declarou a este medio que contrataran a un moreno que tiña unha ferramenta espectacular capás de tunelar metro e pico por minuto a jolpe de cadera, permítelle reducir os costes e o tempo de entreja. O encargado da obra dí que un día veu unha foto súa nun jrupu de Juasap e anduvo buscando por el para ofreselle traballo, xa que lle paresia a persona idonea e moi “cualificada” para substituir á tuneladora japonesa que pasa mais tempo averiada que funcionando.

Dende ACS asejuran que a rentabilidade da obra incrementouse exponencialmente dende a incorporación do subsahariano, e non só porque acortan prazos, senon porque tamén cobran entrada ás excursións de amas de casa e despedidas de solteiras que se asercan a pé de obra a mirar como traballa o rapás ca súa ferramenta.



O operario está orjulloso da súa ferramenta de tecnoloxía en punta



Callón pasa por Cámbiame, e xa é coma un da Puebla

Rematada a campaña electoral, e co resto de formacións negociando pactos, Carlos Callón, número 1 da formación NOS, libre e xa de vacacións, non dubidou loxo da recomendación da nai da ex parlamentaria no Congreso dos Diputados, Rosana Pérez Fernández, cambiarse para ser coma un da Puebla. Callón contactou co proxrama "Cámbiame", e xa na pasarela utilizou os seus 30 segundos para expresar os seus desexos de ter ese look especial e distinguido que solo saben luser os do Caramiñal. Pelayo foi o elixido por Carlos para que levara a cabo

o seu cambio. Loxo de pasar a tarde ámbolos dous en tiendas coma Luis Buiton, Llorlli Armani e pola sonda de peletería dos chinos da Puebla, Carlos apareceu con chaqué azul jasista, broche de estrela e monóculo no bolsillo, as jafas foi o único que se nejou a cambiar, son un rejalo da súa primeira parella. Carlos manifestou que nunca se lle pasara pola cabeza converterse, pero as palabras de Rosana fixéronlle cambiar de idea, "non pejar pancada e vestir chaqué son rasóns de peso para dar o paso", manifestou unha vez comprobou o seu cambio.

Ponse a andar un novo parking privado con lavado automático no Consello de Ribeira



A innovación no Consello non deixa de abraiar, e por fin se pon en marcha a consesión do parking privado con lavado automático "Varadering", a sonda de aparcamento está situada no varadero do muelle do jas de Ribeira. A rehabilitación da oficina

do rexistro do Consello fixo que, antes de queimar todos os documentos atrasados, se puxeran tres becarios traballando día e noite para sacalos do medio dándolle o trámite correspondente, entre estes papeis, encontrábase un estudo realizado por un

Jrin Pis pola protexión aos jodechinchos

A orjanisación ecoloxista Jrin Pis (mexo verde) promoverá para cando cheje o calor unha campaña de consensación aos hosteleiros da Sentenaria cO fin de protexer as colonias de Jodechinchos que anidan na comarca na temporada primavera/verán.

Sejún o portavoz da orjanisación, Togno d'Aragón, os jodechinchos están a desaparecer debido ás novas modas dos hosteleiros en materias de tapas, "o jodechinchos é moi sensible os cambios na dieta, acostumbrado a o tipo de alimentación tradicional que se lles ofresía nos bares de Riveira en forma de tapa de clo-clo, composta de fritanjas de peixe (principalmente chinchos, de donde procede o seu nome), fijado ensebolado, ensaladillas, callos os dominjos, etc.; as novas modas de tapas de diseño que últimamente está promovendo a hostelería provoca que cambien os seus hábitos mijratorios e volvan a ir a os seus lugares habituales nesas épocas que están situados nas costas de Levante"

O jodechinchos, ave rapas do orden Falconiforme familia Accipitridae ijual cos buitres, é un ave mijratoria que pasa a maior parte do ano nas sonas secas do interior peninsular, coa chejada do calor emprende mijrasions masivas que tradicionalmente os levaban a sonas do Levante como Benidorm, Torrevieja, Marina D'or, etc., nun momento de despiste aljún emijrou ó noroeste creando colonias na sonda do Barbansa que agora son as que están en pelijro.

O jodechinchos desplásase en jrupos familiares, naljuns casos van acompañados dun extraño espesimen que chaman "cuñado"

que é unha especie de chamán ó que sijen alelados xa que parece ser un amodo de jía espiritual que sabe onde encontrar os mellores comedeiros ademais de ser capas de aconsellar sobre calquera cousa que o jodechinchos poda nesecitar. Os seus hábitos pasan por invadir as praias os días de bo tempo, sempre carjados de estranos artefactos que varían dun ano para outro deixando sempre tras de si os rastros da súa invasión. As horas do aperitivo invaden as siudades ollando donde encontrar alimento, o seu comedeiro habitual é a terraza dos bares, ijual cas javotas que son un dos seus enemigos naturais, o seu comportamento típico consiste en sentarse arreconchejando as sillas necesarias e pedido sempre uha consumisión que cumple sempre a norma de que non se piden máis que duas consumisions de pajo por cada sinco, limitándose os demais a tomar vasos de ajua do jifro e esixindo tapa para todos. Tras unha hora de reposo diríxense a outro comedero donde actuan da mesma forma pero cambiando os papeis de maneira que todos acaben tomando unha consumisión, momento no que se retiran o seu nido emitindo sonidos como "aquí da gusto, con las tapas que ponen ya no hace falta hacer comida" e cousas similares.

Contiua d'Aragón disindo que ademais do interese ecoloxico desta especie, hai que ter en conta os benefisios para a saude dos habitantes da sonda xa que "ó arrasar coas tapas tradicionales fanlle un favor ó nativo xa que desa forma cando eles chejan o bar xa non queda tapa o que axuda a manter os niveles de colesterol"

antijuo consejal, no que fijuraba unha tesis dun novo sistema de aparcamento con lavado automático que se estaba levando a cabo en la Puebla. O informe sostíña que nun plaso de 8 horas de aparcamento poñíase a funcionar un curioso sistema de

lavado que utilizaba o poder das mareas limpando de arriba a abaixo o vehículo, aínda que tamén apuntaba que non tiña moi sejuro cal era o sistema de secado. A aparición deste documento foi o inicio desta nova iniciativa innovadora no consello de Ribeira.

É o sosio o que elixe ó presidente e é o presidente o que quer que sexan os socios o presidente

Con estas palabras se presentou o novo presidente da Real e Ilustre Cofradía da Dorna, Chori Fernández, na asemblea extraordinaria celebrada o día de onte ante un xrupu numeroso de socios.

Entre outras palabras o novo presidente tamén indicou que: "Un pantalán é un calsonsiño e un calsonsiño é un calsonsiño". Entre as súas promesas deste ano encontráronse prolongar a festa durante 369 días "si fai falta alarxamos o mes de febreiro a 45 días, e así comemos todos os días recortados durante os últimos sen anos" afirmaba Chori durante o seu discurso. Outra das propostas do novo presidente será cambiar a ubicación do voo sen motor e trasladalo ao tellado da Caixa de Aforros, para así jañar en visibilidade, Tamén informou que se recibiu a petición do piloto Fernando Alonso para competir no Jran Prix de Carrilanas, confirmando que vai rechazar dita solisitude xa que "pa faser o ridículo é mellor que quede na casa".

Chori rematou o seu discurso coa frase, "os dorneiros son moi dorneiros e moi dorneiros".



"La Perla Negra" será o motor económico do porto e creará moitos postos de traballo

Unha conosida casa armadora ribeirense compra "La Perla Negra"

Sejún recolle o diario The Economist, acábase de producir unha importante transacción económica que pode desestabilizar o equilibrio económico mundial e a posición de Amanio Ortega ao fronte da lista Forbes ca compra por parte dunha casa armadora da sentenaria dun buque que reúne as características idoneas para o nejosio que explota esta empresa.

O buque en cuestión aínda que é de madeira e vai aljo raiado, está dotado da mellor tecnoloxía para surcar os mares e

oséanos de todo o mundo ao mando da tripulación filipina máis cualificada, e asegúrase que pode faser capturas de peixe alá no ártico e nun par de lanses encher a bodega e enfiar ao puerto para descargar.

Como característica principal do buque está que se afunde e sale a flote de novo cando lle pete ao capitán, ou cando os da asosiasión ecoloxista Pis Verde (Green Pis) se lle poñan a acosar con cartuchos de serpentinas e papeluchos para indicarlles que levan o rumbo incorrecto.

Ca incorporación de "La Perla Negra" á flota de Ribeira, espérase ocupar e poñer a pleno rendimento a nova lonxa. O buque chegará mañán a eso das cinco da tarde ao muelle grande e alí faserase unha resepsión cas autoridades e haberá unha chicolinada con viño e pinchos para os asistentes que se achejen vestidos de época. Representantes da casa armadora asejuraron que a fan porque lles desgraba e tamén que eles irán vestidos como na famosa saga de piratas da factoría Disney.



Ajresión ao alcalde nunha juardería

esquerda, sejido dunha dobre patada voadora, puñetaso nos cadrís e rematando cunna patada Supermán.

Prejuntado o neno polos motivos da brutal ajresión indicou "dijeron que venía el Ruiz y le quize caztigar por haber inzultado el otro día al zeñor Rajoy en la tele". E o que ten poñer determinados contidos en horario infantil, engadiu a mestra do neno.

O suceso, de repercusión mundial, foi amplamente comentado nos medios das Illas Fidji así coma en todas as tertulias da TDT.

AVISO LEJÁL:

Tódalas imaxes e contidos que aquí aparesen son de quen as queira, sempre que dijades de donde as sacáchedes.

As opinións aquí vertidas polos nosos colaboradores entenderanse coma o que son, unha pequena broma que queremos compartir con todos vos facéndoos pasar un cachiño do voso tempo larjando unhas risas pola borda.

Por certo, esto que tes nas tuas máns está editado e distribuído pola Real e Ilustre Cofradía da Dorna en colaboración cunhas cabezas pensantes.

FELICES FESTAS E PRÓSPERO ANINOVO

O alcalde de Riveira, Manolo Ruiz, foi ajredido por un neno de 3 anos mentres realizaba a tradicional visita navideña á Juardería Municipal de Ribeira.

A ajresión produciuse cando o alcalde asercouse aos nenos dunha das clases, e nese intre o neno Manoliño Pimba Pimba dirixiuse a el propinándolle un crochet de